



# CARBALLO

# ROBLE

# OAK-TREE

Nome científico: *Quercus robur*

## Características

- **Arbore** caducifolia da familia das fagáceas, de gran tamaño e copa ampla.
- **Orixe:** autóctono (a nivel europeo).
- **Altura:** ata os 40 m.
- **Follas:** grandes, lobuladas, glabras, verdes, brillantes na face e glaucas no envés.
- **Flores:** masculinas en amento colgante moi fráxil, e femininas terminais en grupos e con escamas. Florece en abril e maio.
- **Froito:** a landra. Presenta un longo pedúnculo e cun capuchón ou cúpula que semella unha boina. Madura a finais do verán e cae a principios do outono.

## Aproveitamento

Ornamental e paisaxístico. As landras serven de alimento aos animais. A súa madeira é moi utilizada como combustible, na ebanistaría, na construción de barrís, travesas do ferrocarril ...

A casca ten propiedades astrinxentes e tamén se utiliza para curtir peles.

